



A BIBLIOTECA ESCOLAR UN RECURSO DIDÁCTICO

Cristina Lerma

Matilde Pena

Xabier Vázquez

A Biblioteca Escolar, é unha realidade presente en case a totalidade das escolas galegas, De cara a Reforma Educativa, onde o libro de texto tradicional perde o seu protagonismo e céntrase este na formación do propio alumno, é para o traballo que se desenvolve nas aulas, xa que logo, unha escola nova onde teña cabida a creatividade e a imaxinación, é unha escola que aposta pola integración da lectura creativa no alumnado, facendo desta o eixo que dinamiza as actividades para o fomento da lectura descartando a lectura pasiva, estática e obligatoria que só produce rexeitamento nos rapaces e rapazas.

A organización dunha Biblioteca require unha atención especial ós elementos físicos e ós bibliográficos.

ELEMENTOS FÍSICOS:

O espacio adicado á Sa de Lectura, debe ser amplio, con moita iluminación, e cun mobiliario axeitado:

- Mesas grandes que permitan a colocación do alumnado en grupos arbitrarios.
- Estanterías específicas de Biblioteca
- Librerías
- Expositores
- Paneis de información
- Taboleiro de cortiza
- Ficheiros. (ordenador nos casos)
- Revisteiro
- Carnés
- Carimbo

ELEMENTOS BIBLIOGRÁFICOS:

Unha vez conseguido o material físico, o paso seguinte sería a selección de libros axeitados ós diferentes niveis, que podemos clasificar en:

- Libros de Consulta
- Divulgación
- Literatura
- Bandas deseñadas (Cómics)
- Revistas
- Prensa

A pregunta seguinte dun xeito natural ¿Con que dotación económica e bibliográfica podemos contar?. Por unha banda, unha partida presupostaria por parte do centro, subvencións da Consellería de Educación con carácter cultural, Embaixadas, Concellos... e finalmente, a participación en Campañas de Animación á Lectura.

A merca de libros, non se pode facer dunha maneira indiscriminada, hai que compralos axeitándose a uns criterios que obedezan a:

A) TEMATICA AXEITADA A CADA IDADE.

- Educación infantil: Libros de imaxes para ler eles sós, libros para ler con adultos, libros de imaxes independentes con ilustración e con letra. A temática abrangue o seu entorno máis próximo, a familia, animais e outros seres animados.
- Primeiro ciclo de Primaria: Contos tradicionais, libros de animais, historias que teñen como protagonista ó lobo á bruxa...
- Segundo ciclo de Primaria: Atracción por personaxes que triunfan pola súa forza e valor. Libros de aventuras, viaxes, lendas personaxes famosos.
- Ciclo Superior: A lectura exerce unha influencia más fonda e decisiva nos rapaces e rapazas. Buscan a identificación cos personaxes. Libros de viaxes, Bibliografías, aventuras perigosas e con certo sensacionalismo. Comenza o interese pola novela, que deberá ter un contido de grande dinamismo e acción. Atención especial nesta idade merecen os libros de pandillas como protagonistas de diversas historias.

A linguaxe dos libros tórnase cada vez más rica a medida que o alumnado ascende ós distintos niveis.

B) CARACTERISTICAS FISICAS DOS LIBROS

Definen en grande medida a que idade son axeitados, xa sexa por:

- Cuberta: cartoné ou rústica.
- Tipografía: grande, mediana, pequena, escript, cursiva...
- Ilustracións: atendendo ó tipo de debuxo e ó espacio que ocupan no libro.

DESENROLO PRÁCTICO

O desenrolo práctico a seguir é o seguinte:

- a) - Rexistrado
- b) - Selado
- c) - Catalogado
- d) - Colocación de bolsa-sobre e forrado
- e) - Fichas e Ficheiros

a) REXISTRADO

No “Libro de Rexistro”, dáselle unha numeración correlativa a cada volume que chega á Biblioteca; asemade, recóllense tódolos datos identificativos do libro:

- título
- autor
- editorial
- ano de edición
- signatura
- forma de adquisición
- outros

A numeración correspondente ó rexistro, anotase na portada de volume que se acaba de rexistrar (marxe superior dereita). Ex: R. 1069.

b) SELADO


Debese selar a primeira páxina e maila derrádeira folla escrita. Asemade, as páxinas interiores aproximadamente de cen en cen, evitando dana-lo menos posible o texto e as ilustracíóns.

b) CATALOGADO.

Seguiremo-lo C.D.U.(Código Decimal Universal) como clasificación Bibliotecaria.

Asínaselle un teixiño (etiqueta autoadesiva) no lombo do libro cunha anotación (signatura), que facilita a colocación e localización do libro na librería. A signatura consiste nunha anotación mixta de letras e números, as letras indican autor e título (pónense maiusculas as tres primeiras letras de apellido do autor ou as tres primeiras do título se a obra fose anónima) e os números expresan a materia coíncidindo co C.D.U.

EX:



Literatura galega.
Xoán Babarro

Dentro do código, pódese facer unha subdivisión, asignando distintas cores segundo sexan as idades:

Ex	ata cinco anos	cor amarela
	de seis a oito anos	cor vermella
	de oito a dez anos	cor azul
	de dez a doce anos	cor verde

C.D.U. (Código Decimal Universal)

0	OBRAS XERAIS SEN REFERENCIA A UNHA MATERIA CONCRETA OU CON REFERENCIA A TODAS.	7	BELAS ARTES. DIVERSIÓN, XOGOS, DEPORTES
00	Fundamentos da ciencia e da cultura	71	Urbanismo
01	Bibliografía	72	Arquitectura
02	Biblioteconomía	73	Escultura
03	Enciclopedias xerais	74	Debuxo e artes industriais
04	Coleccións de ensaios de diversos temas	75	Pintura
05	Revistas xerais	76	Grabados
06	Organismos, sociedades, institutos oficiais e privados	77	Fotografía
07	Periódicos e periodísmo	78	Música
08	Poligrafías	79	Diversións, Xogos, Deportes
09	Obras notables pola súa rareza bibliofilia	8	LINGÜÍSTICA E LITERATURA
1	FILOSOFÍA	800	Xeneralidades da lingüística e Filoloxía
11	Metafísica xeral	801	Lingüística e Filoloxía Xerais
12	Metafísica especial	802	Lingua inglesa
13	Filosofía do espíritu	803	Lingua Xermánicas
14	Sistemas filosóficos	804.0	Lingua francesa
15	Psicoloxía	804.99	Lingua catalana
16	Lóxica Epistemoloxía	805.0	Lingua italiana
17	Moral. Ética	806.0	Lingua española
2	REFLEXIÓN E TEOLOXÍA	806.90	Lingua portuguesa
21	Teoloxía natural	806.99	Lingua galega
22	Teoloxía Bíblica	807.1	Lingua latina
23	Teoloxía dogmática	807.5	Lingua grega
24	Teoloxía moral	808	Lingua eslava e bálticas
		809	Outras linguas
		82	Literatura
		820	Literatura Inglesa

3 CIENCIAS SOCIAS	820 (73) Literatura americana
30 Socioloxía	830 Literatura alemana
31 Estadística	840 Literatura francesa
32 Política	849.9 Literatura catalana
33 Economía	850 Literatura italiana
34 Dereito	860 Literatura española
35 Dereito Administrativo. Administración	869.0 Literatura portuguesa
36 Asistencia e Beneficencia	869.9 Literatura galega
37 Ensino	871 Literatura latina
38 Comercio. Transportes. Comunicacións	875 Literatura grega
39 Etnoloxía. Folclóre	88/89 Literatura doutras linguas
5 CIENCIAS PURAS	9 XEOGRAFIA. BIOGRAFÍA E HISTORIA
51 Matemáticas	90 Arqueoloxía e Prehistoria
52 Astronomía. Xeodexía	91 Xeografía
53 Física	914 Xeografía de Europa
54 Química.	914.6 Xeografía de España
55 Xeoloxía. Xeofísica	914.611 Xeografía de Galicia
56 Paleontoloxía	915 Xeografía de Asia
57 Antropoloxía. Bioloxía Xeral	916 Xeografía de África
58 Botánica	917/918 Xeografía de América
59 Zooloxía	919 Xeografía oceánica
6 CIENCIAS APLICADAS	92 Biografías
61 Medicina	931/939 Historia Antiga
62 Enxenería	94/99 Historia da idade media e moderna en xeral
63 Agricultura	940 Historia de Europa
64 Economía doméstica	946 Historia de España
	946.11 Historia de Galicia

d) COLOCACION DE BOLSA-SOBRE E FORRADO.

Esta bolsa sobre vai pegada na contracuberta do libro.

A súa función é a de gardar unha ficha cos datos identificativos do libro, número de lector e número de rexistro, que facilitará o sistema de préstamos.

Finalmente fórrase con plástico transparente.

BIBLIOTECA "STA. M^a DO CASTRO"	
AUTOR/A	SIG.....
TÍTULO	
REGISTRO	
Nº LECTURA	DATA DEVOLUCIÓN

Medidas 12 x 8 Ficha do libro

BIBLIOTECA "STA. M^a DO CASTRO"	
Nº Lector /a	
NOME	
Nº LECTURA	DATA DEVOLUCIÓN

Medidas 12 x 8 Carné do lector

e) FICHAS E FICHEIROS.

Cada libro terá, cando menos, tres fichas que serán colocadas en ficheiros diferentes, co obxecto de que o lector poida consultalos e acceda á información que necesite.

- Ficheiro de autores
- Ficheiro de títulos
- Ficheiro de materias

FERNANDEZ PAZ, Agustín

869,9 x N
FER

"As flores radiactivas"
Vigo-Ed. Xerais 1990
Col. Merlín

119 p

19 x 13,5

R-2307

SISTEMA DE PRÉSTAMOS

Para a organización do préstamo, necesitamos dos seguintes elementos:

- Carné de lector-lectora: onde se anotan os datos persoais do alumno ou alumna, o número de lector, número de rexistro do libro, data de saída e data de devolución.

As fichas do lector, están clasificadas por cores diferentes segundo as idades.

- Ficha do libro: (anteriormente mencionada): adxúntase coa ficha do lector no momento no que se efectúa o préstamo, colocandoo posteriormente no ficheiro destinado a esta función.

- Ficheiro de préstamos: É o que contén as fichas dos libros prestados (unidsd por medio dun clip) ás fichas dos lectores. Este ficheiro está organizado de maior a menor segundo o número de rexistro dos libros. Ó mesmo tempo, o ficheiro de préstamos é un indicador de índice de lectura e tamén dos libros máis lidos.

Unha vez sexan devoltos os exemplares, extraéñse do ficheiro as anteditas fichas, colocando cada unha no seu lugar, a do libro na súa respectiva bolsa-sobre e a ficha do lector no seu correspondente ficheiro.

HORARIO LECTIVO NA BIBLIOTECA

A Biblioteca debe presta-lo seu servicio tódolos días na hora do recreo e, ademais, a cada nivel asignaráselle cando menos unha hora semanal (coíncidindo co horario de lingua).

Compre non caer no reduccionismo de plantexa-la lectura no senso estricto dos materiais relativos á literatura infantil (libros, contos, álbumes)... Pódese recurrir a estratexias ó traverso de tres vieiros:

* O gusto pola lectura en si mesma

* Outro que conduza ós libros por camiños expresivos (teatro, dramatización e xogo dramático).

* Finalmente actividades creativas partindo do libro.

Unha forma de achegamento á lectura, sería por medio das artes plásticas. Habería que esquençalo tópico de “fai o debuxo do conto”, “escribe unha redacción”, “resume a lectura”... que están ben como recurso, pero non se pode abusar delas, e centrarse máis na creatividade non só das actividades senón tamén na do propio alumnado por medio do uso das artes plásticas.

É moi importante implicar ós alumnos e alumnas nas tarefas de desenvolvemento cotiá da Biblioteca, por medio de grupos voluntarios. Estes son informados e formados no preceso que debe seguir un libro, dende que chega ó centro ata a súa ubicación na estantería (rexistro, selado, forrado...)

Ó mesmo tempo, instrúense no sistema de préstamos e devolucions, coidado e reparación de libros co asesoramento do profesorado implicado na Biblioteca.

POSIBILIDADES DIDÁCTICAS DA BIBLIOTECA

Dos moitos recursos que nos oferta, pódese partir de tres ángulos diferentes:

A - A Biblioteca como espacio plástico-dinámico e agradable.

B - Actividades a realizar dende a Biblioteca cara ó centro.

C - Actividades utilizando como recurso a Biblioteca

A.- Ambientación con portadas de libros, caricaturas, murais, trípticos,... que fagan alusión a literatura infantil e xuvenil, procurando renovala pra facela más viva e novedosa.

* Exposición no taboleiro de novedades dos libros que se van adquirindo antes de seren colocados nas librerías correspondentes. Encontros con escritores e escritoras da literatura infantil e xuvenil galega. Esta actividade conleva por unha banda o coñecemento da obra do autor, e por outra, o interese que esperta nas nenas e nenos o contacto directo co propio autor das aventuras e fantasías por eles lidas.

Compre un traballo previo como a elaboración dunha ficha bibliográfica, comentario das obras, realización de murais monográficos, etc.

* Confección dun libro xigante onde figuran os nomes das distintas editoriais galegas cos seus correspondentes anagramas e coleccións.

* Taboleiro de suxerencias onde se reflexan recomendacións, ideas, iniciativas, queixas, tanto do profesorado como do alumnado.

* “Ponte ó día”. É un rincón adicado á prensa diaria como unha alternativa máis á lectura.

B.-

* Realización con materiais de plástica (plastilina, barro) personaxes coñecidos de contos. As figuras, levarán un cartelíño co nome do título correspondente.

* Elaboración de fichas de orientación bibliográfica, onde figuran características físicas dos libros, argumento, nivel aconsellado e actividades a realizar de cara ó libro.

* Caderniño composto por unha selección de libros de interese e descoñecidos polo alumnado, onde figura o resume do libro e os datos.

* Realización dun folleto informativo con títulos suixerentes de cara as datas vacacionais.

* Listado dos libros más lidos, tomando como referencia as fichas de préstamo e as opinións do alumnado lector. Serven de información ó profesorado e ó alumnado acerca dos títulos con maior aceptación.

C.- Entre as múltiples posibilidades que nos ofrece a biblioteca, está a de ser fonte de creación e imaxinación, e tamén, o achegamento ó mundo dos medios audiovisuais, para a realización de actividades como:

* Obradoiro literario.- Para esta actividade é preciso a realización dun traballo previo, coa conseguinte motivación para que os nenos e nenas sintan a necesidade de se-los autores e ilustradores dos seus propios contos.

Primeiramente, por medio da información a manipulación, analizaránse as partes de que consta un libro (cuberta, portada, ínice...) así como, distintos tipos de ilustracións. Así mesmo, precísase traballar nas diferentes técnicas literarias (poesía, narrativa, teatro) e outros exercicios como as adiviñas.

Pódense realizar: contos a partires dun título, contos por capítulos, contos realizados con materiais de plástica, libros encadeados ou en acordeón. Tamén libros de poesías e adiviñas.

ELABORACION DE DIAPOSITIVAS

A.- DIAPOSITIVAS CON ACETATOS:

Material: Folios, lapis, acetatos, rotuladores de acetatos, tesoiras.


Desenvolvemento da actividade:

- 1.- Fanse os debuxos nun folio, que previamente estará dividido en “marquiños”, tipo diapositivas. (Fig. 1)
- 2.- Os debuxos non se colorean, nin sombrean no papel, faise soamente a silueta.
- 3.- Dos debuxos feitos, seleccionanse aqueles que interesen para o traballo a realizar e redúcense na fotocopiadora. (83% e logo 64%).
- 4.- Fotocopianse no acetato, tendo precaución de poñe-la cara mate para arriba.
- 5.- Posteriormente píntanse os acetatos con rotuladores especiais.
- 6.- Recórtanse e colocanse nos marquiños das diapositivas e xa quedan listas para proyectar.

B.- DIAPOSITIVAS EN PAPEL VEXETAL:

Os pasos de elaboración son o mesmos que para as diapositivas con acetatos, diferencianse en que estes son más baratos pero tamén teñen a desventaxa dunha menor nitidez.

Fig. 1 - Dimensión orixinal dos “marquiños”.



Ficha Bibliográfica

Signatura

Autor/a

Título e datos do libro

Argumento:

Caract. do libro:

Idade lector/a:

Nivel aconsellado:

Actividades Propostas:

Interrelación con outras áreas:

FICHA DE LECTURA

Alumno/a Curso Nº Data

Título Autor/A

Editorial Colección Páxinas

Argumento _____

Personaxes Principais _____

¿Gustouche o libro? ¿Por que? _____

Despois de le-lo libro, ¿Coñeces cousas novas? feitos lugares

Segundo o interesante do tema e a forma de tratalo, ¿Que nota lle das o libro (do 1 ó 10)

¿Que tema se trata no libro?

Fantástico..... Ciencia-Ficción

Misterio..... Histórico

Humor Aventura

¿Atopaches dificultades na comprensión do contenido do libro ou polo contrario resultouche doado? ¿Por que?

CONCLUSIÓN

As Bibliotecas escolares galegas precisan adecuación, melloras e sobre todo recobrar un prestixio que debido ás veces a unha errada utilización (almacén de libros, lugar de castigo no recreo, lectura obligatoria...), fixeron delas un espacio de rexeitamento entre o alumnado en xeral.

Nas xestións que se fan nas Bibliotecas, hai que busca-lo compromiso social de Organismos, Apas, Administración Local, Administración autonómica e evidentemente dos Centros, xa que coidamos que o compromiso coa lectura non é exclusivo dos ensinantes.

Concluimos pois, facendo fincapé na necesidade primordial e fundamental do desenvolvemento de actividades de animación e fomento da lectura nos centros galegos como algo lúdico, creativo e non obligatorio, que favoreza non só a eleva-lo índice lector do noso alumnado, senón tamén contribuir na formación de adultos lectores con espírito crítico.

DOCUMENTACIÓN SOBRE O TEMA

- * O libro na escola. As bibliotecas escolares e de aula.
Antonio García Teijeiro. Ed. Xunta de Galicia
- * El arte de contar cuentos.
S.C. Bryant. Hogar del Libro. Barcelona 1.986
- * Como hacer a un niño lector
Gómez del Manzano. Ed. Narcea
- * ¡Dejadles leer!. Los niños y las Bibliotecas
Genieve Patte. Editorial Pirenne
- * ¿Qué hacer coas palabras?
David Otero. Editorial Galaxia
- * Facermos Cómics.
Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais
- * Os Cómics nas aulas
Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais
- * Cuentacuentos.
Durán T. e Ventura, N. Ed. Siglo XXI
- * El niño y los libros: como despertar una afición.
F.W. e Gómez del Manzano. Ed. S.M.
- * El juego poético en la escuela.
Moreno. V. Ed. Pamiela. Pamplona

* Que é unha Biblioteca
Lois Arribas. Ed. Xunta de Galicia

* Gramática de la fantasía
Gianni Rodari. Editorial Aliorna.

REVISTAS

- CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)
- Revista galega da Educación. Ed. Xerais.
- Papeles de Literatura Infántil. Edita. Concello de A Coruña
- Babar. Revista de Literatura Infantil y Juvenil. Libro Club de Arganda.
- Alacena. Ed. Anaya.